

O 15

O xornal do ano do cambio

A Coruña | Primavera 2018 | Edición única | nº 5

As pegadas do cambio p. 3

Desde 2015 hai un cambio en marcha: o cambio que A Coruña precisa.

Avances vs. bloqueos p. 12 e 13

O reto de construír un modelo de cidade que mellore a vida da xente común segue vixente, a pesar dos bloqueos e atrancos.

“O noso proxecto de cidade non cabe nun só mandato”

Entrevista. Xulio Ferreiro fai balance dos tres primeiros anos de goberno da Marea Atlántica e afronta o futuro coa ilusión intacta.



Tres anos en común

“Tres anos de cambio, de goberno honesto e ao servizo da xente. Tres anos de traballo duro, con acertos e desacertos, pero coas ideas claras e o compromiso intacto.”

Hai tres anos a praza entrou no pazo. Hai tres anos, a xente común volveu ser protagonista e rescatou as institucións. Hai tres anos, centos de mans como as túas, como as que agora sosteñen estas páxinas, levantaron na Coruña unha marea nunca vista para desaloxar de María Pita un goberno e un partido tocados pola sombra da corrupción. Hai tres anos, na súa investidura, Xulio Ferreiro recolleu as palabras de alguén a quen perdemos hai pouco, o ex-alcalde Domingos Merino, para lembrarnos que existen días alegres e históricos: aqueles nos que as maiorías sociais recuperan a ilusión e a dignidade e ocupan, democraticamente, o lugar que lles corresponde. E tiña razón. Aquel 13 de xuño do que agora celebramos o terceiro aniversario foi un deses días, e dende entón vivimos moitos máis días alegres e algún que outro día histórico. Tres anos de cambio, de goberno honesto e ao servizo da xente. Tres anos de traballo duro, con acertos e desacertos, pero coas ideas claras e o compromiso intacto. Tres anos combatendo inimigos poderosos co apoio e coa ilusión desa cidade que non se rende nin se vai render nunca: A Coruña rebelde.

Foi un día alegre e histórico aquel no que se concedeu a primeira Renda Social Municipal, unha medida que ben vale un mandato e que trata de devolverlle a autonomía e a dignidade a quen peor o pasa, a quen lle cobraron a factura da crise sen preguntarlle. Alegrámonos, ti tamén, seguro, cando puidemos por fin compartir que nesta cidade xa non se lle cortaría a ninguén nin a auga nin a luz por non poder pagala. E choramos aquela tarde na Praza das Atochas cando nos puxemos a cumprir unha lei que outros non se atreveran a aplicar e empezaron a caer, unha detrás da outra, as placas que homenaxeaban aos fascistas.

A Coruña volveuse un faro para moitas outras vilas e cidades de Galicia, non porque fosen noticia as investigacións da xuíza Pilar de Lara sobre as irregularidades no goberno do Partido Popular, senón porque as nosas festas se declararon libres de violencias machistas e a cidadanía comezou a decidir por vez primeira os investimentos do seu barrio e a falarlle cara a cara, sen intermediarios, ás persoas que elixiran nas eleccións, fose no Salón de Plenos, no que non entrara nunca, a través do escano cida-

dán, ou fose no seu centro cívico a través do Dillo Ti, ese encontro mensual que tanto incomoda a quen cre que a democracia é unicamente unha peaxe que hai que pagar, se non queda máis remedio, cada catro anos.

Tamén houbo días tristes ao longo destes tres anos. Días inxustos, días de infamia e de mentiras nos buzóns ou nos quioscos. Que se o goberno improvisa, que se a Marea Atlántica non sabe chegar a acordos, que se a cidade vai a pique, que se está todo paralizado, que se o alcalde fixo tal ou dixo non sei que. Como se a xente non tivese ollos nin sentido, coma se non soubese distinguir o que vai ben, o que vai regular e o que ten que ir mellor canto antes. O que cambia e o que aínda hai que cambiar. Coma se todos os partidos e todos os alcaldes fosen iguais e a política non tivese remedio. Coma se nos fóssemos deixar roubar a esperanza e a ilusión sen deixarnos a pel para defendela.

Por iso fixemos este xornal. Para que non esquezas que o cambio chegou e que unha mentira, por máis veces que se repita e se imprima, segue a ser mentira. Que depende de nós seguir adiante e ir cada día máis lonxe. As cousas que contamos aquí demostran que contigo é posible. Que é posible limpar e transformar as institucións. Que é posible levar a cabo, en tres anos, melloras en máis de 300 puntos da cidade, en todos os barrios. Que son posibles outro urbanismo, outra mobilidade e outra política social. Que vai ser posible erradicar os vertidos á ría ou baixar, por primeira vez, o prezo do billete do autobús. Que vai ser posible pararlle os pés á especulación e recuperar os terreos portuarios. Só hai unha condición: que non nos rindamos nunca. Hai Marea!

As pegadas do Cambio

Guillermína Cuervo
Redacción

Cando a Marea Atlántica chegou a María Pita atopou un Concello pechado e escuro, que actuaba de costas á veciñanza. Un modelo de cidade centrado nas obras faraónicas e cunha das porcentaxes máis baixas de investimento en gasto social de toda Galicia. Unha institución endebedada, cunhas contas imposibles, afectada por escándalos de corrupción que levaron a varios membros do equipo de goberno a seren imputados. **Era preciso un cambio de modelo: un cambio que está en marcha.**

Políticas para as persoas

Aumentamos o gasto social

No novo modelo de cidade, as persoas, as veciñas e veciños da Coruña, están no centro. Por iso, se incrementou de xeito decidido o gasto social e se reforzaron os programas para o benestar da veciñanza en situacións de maior vulnerabilidade.

A Renda Social Municipal

No ano 2017, 188 unidades familiares con 55 menores ao seu cargo percibiron a Renda Social Municipal (dun total de 279 solicitudes). En 2018, xa superamos as 300 axudas. Amais, ao longo do pasado exercicio, os servizos municipais realizaron un total de 2.594 entrevistas técnicas de estudo, valoración e seguimento, así como visitas a domicilio.

Apertura do Centro Abeiro

O goberno da Marea Atlántica pon en marcha en 2017 o primeiro local de baixa esixencia municipal da cida-

de, coa finalidade de proporcionar unha atención básica nocturna ás persoas sen fogar en circunstancias de maior desarraigamento, marxinación e exclusión social. Conta con 15 prazas, cunha media de ocupación de 14. O ano pasado acolleu a 167 persoas e ofreceulle ás usuarias e usuarios 2.861 servizos de café e 2.790 ceas.

Programa “A Flote”

En 2017, este programa materializouse en 197 axudas de emerxencia social que se dirixen, fundamentalmente, a “facer efectivo o dereito a unha vivenda digna”. Delas, un total de 78 paliaron situacións con notificación de desafiuzamento xudicial grazas ao pago das débedas adquiridas derivadas dos arrendamentos, de xeito que serviron para previr situacións de gran risco como é a perda da vivenda habitual.

24 de maio de 2015

A Marea Atlántica obtén 10 concelleiras nas eleccións municipais. O 13 de xuño, Xulio Ferreiro é investido alcalde.



15 de xullo de 2015

Rescídese o contrato das touradas na Coruña. Co goberno da Marea Atlántica non se financian actos de maltrato animal.

Aposta pola educación pública

Ampliamos os programas educativos e a atención á infancia

A educación, pública, de calidade e accesible para todas, é unha ferramenta fundamental no camiño cara unha sociedade máis xusta e igualitaria. Por iso, estamos convencidas de que os centros docentes deben ser auténticas escolas de democracia, onde prime a reflexión e os acordos en común sexan unha estratexia habitual na construción da educación desta cidade.

Melloras e investimentos nos centros públicos

O Concello fai un investimento histórico no arranxo e mantemento dos colexios públicos, asumindo incluso obras que non eran da súa competencia, como é o caso da substitución de cubertas nos colexios (María Barbeito, Emilia Pardo Bazán...). En 2016 foi especialmente significativo, destinando máis dun millón de euros, para manter este investimento nos anos seguintes. En 2017 achegouse aos 780.000 euros, mentres que o orzamento de 2018 reserva 400.000 euros. Unha das últimas melloras aprobadas é a ampliación do patio do CEIP Ramón de la Sagra.

Amplíase o servizo de canguraxe infantil para a conciliación familiar

Desde maio deste ano, a cidade conta cun novo Espazo de Atención á Infancia localizado en Palavea e que vén complementar o servizo de canguraxe infantil que prestan os centros cívicos de Labañou, o Castrillón, a Sagra da Familia, Mesoiro e Monte Alto, a través dos espazos de atención e ludotecas. Trátase dunha medida máis para favorecer a conciliación a través dun servizo dirixido a familias e persoas con menores ao cargo, que se reforza para ampliar horas e prestar cobertura específica a vítimas de violencias machistas e mulleres en situacións de vulnerabilidade.

“Un novo modelo de cidade que non deixe atrás a ninguén, apostando polos servizos públicos”

Mellora e ampliación dos programas educativos

Creáronse novos programas, como Idiomas do Mundo, que complementan outros que xa existían, como as bolsas de estudos nos Estados Unidos *Junior Year*, que se reforzaron para ampliar o número de prazas e a cobertura. Todos eles inclúen hoxe criterios de renda familiar, para facilitar a participación de estudantes con menor capacidade económica. Ademais, desde decembro de 2017 o patio do CEIP Juan Fernández Latorre abre as súas portas para que a veciñanza do barrio poida gozar das súas instalacións fóra do horario lectivo: un programa piloto que ten vocación de se estender a outros centros educativos.

Que ninguén quede atrás

Achegar a economía á xente

A Marea Atlántica é consciente de que a recuperación non pode vir da man da precarización nin a custa de deixar de lado aos colectivos máis vulnerables. Por iso,

o goberno local puxo en marcha, de forma participada, un Plan de Emprego centrado na inserción dos colectivos con maiores dificultades, como son a mocidade e as mulleres. Así mesmo activou unha Estratexia de Igualdade do Emprego e o programa Coruña Emprega, que dá formación específica a quen máis a precisa. Desde 2015, ademais, os contratos municipais inclúen cláusulas sociais para fomentar a contratación de persoas en risco de exclusión.

Plan Estratéxico de Turismo

Por vez primeira, A Coruña ten unha estratexia para o turismo deseñada coa participación de voces cidadás, profesionais, académicas e políticas. Busca deste xeito aproveitar o potencial da cidade a través da súa identidade atlántica, a riqueza cultural, a gastronomía e a capacidade de innovación como bases dun turismo sustentable e responsable.

Subvencións sen amiguismos

A Marea chegou para mudar os comportamentos da vella política, e iso inclúe reducir as axudas directas e substituílas por concursos abertos, nos que todas as entidades teñen as mesmas oportunidades. Este sistema xa funciona nas axudas ao comercio, ás festas e actividades dos barrios, entidades, proxectos artísticos, cultura ambiental, promoción do deporte...

Mercados municipais

A Coruña conta con 9 mercados municipais, que son fonte de emprego e riqueza, pero tamén espazos para a vida en común. Este goberno volvou sacar a concurso os postos baleiros, algo que non acontecía desde 1994, e tamén está en marcha un plan de mellora, que comezou na contorna de San Agustín e seguirá coas reformas en Monte Alto, Santa Lucía e Durmideiras.

18 de outubro de 2015

Mudan as ordenanzas fiscais do Concello cara a uns impostos máis xustos. Ás persoas sen recursos xa non se lles corta a auga.



Xuño de 2016

Por primeira vez na súa historia, A Coruña conta cuns Orzamentos Participativos. A cidadanía decide o destino dun millón de euros, que pasan a ser tres desde a segunda convocatoria en 2017.

9 de outubro de 2015

Desaparece do rúeiro o asasino Millán Astray. A inauguración da Praza das Atochas marca o inicio da aplicación da Ley da Memoria Histórica nas nosas rúas.



30 de xaneiro de 2016

Nace o *Dillo Ti*. Unha vez ao mes, o goberno municipal en pleno responde en pleno responde as preguntas da veciñanza nun encontro aberto.



A Coruña verde e viva

O coidado do medio ambiente para vivirmos mellor

Temos un compromiso claro para logramos unha cidade máis viva. Unha Coruña natural, saudable, que sexa respectuosa coa contorna e que sexa tamén máis humana. Un lugar, en definitiva, para vivirmos mellor.

Unha cidade implicada na xestión do lixo

Despois de máis de 50 anos co mesmo sistema, estamos a piques de lle dar unha volta á recollida do lixo e á xestión dos residuos, cun novo contrato de máis de 14 millóns de euros e a través dun proceso pioneiro en todo o Estado mediante a consulta coa veciñanza e o tecido asociativo.

Esta mudanza suporá unha aposta pola separación da materia orgánica, con atención especial aos grandes produtores de residuos da cidade, e ha servir así mesmo para renovar o parque de contedores e a flota de camións, con máis colectores para a recollida de papel e vidro. Incluirá tamén control do ruído, un plan especial de recollida para as zonas de concentración hostaleira e accións de educación ambiental, con atención e liñas de apoio a iniciativas de economía social así como de emprego de calidade e igualitario.

Aplicando o Plan Vertidos Cero

A Coruña é unha cidade de mar, por iso é tan importante coidar da nosa contorna mariña. Nada máis nada chegar puxemos en marcha un ambicioso programa para evitar a emisión incontrolada de verteduras á ría. Existían máis de 20 puntos, algúns de carácter privado e outros derivados de infraestruturas públicas. O traballo encetado comeza a dar froitos: este ano recuperamos a Bandeira Azul para a Praia de Oza. As súas augas volven ser consideradas de excelente calidade.

Benestar animal

O trato animal e a súa consideración di moito da ética dunha sociedade. Por iso traballamos con 7 asociacións para un control ético das colonias felinas e creamos áreas caninas en Bens e Eirís. Mellorouse a canceira municipal con instalacións ao aire libre, creouse un novo lazareto e constantes programas de adopción. Estudamos tamén a biodiversidade da cidade cun mapa que localiza máis de 1.500 especies animais e vexetais para coñecermos o que temos que coidar, e implantamos un servizo 24 horas de recollida de aves feridas con sacrificio cero.

Pola nosa cultura, pola nosa memoria

A efervescencia cultural dunha cidade máis viva ca nunca

A Coruña vive un momento de despertar cultural. A cidade pasou dun modelo asentado nos grandes eventos e nas touradas a outro arraigado nas distintas expresións culturais locais, que nutre de actividade deportiva e cultural á cidadanía e que defende o traballo e a autonomía da comunidade artística e asociativa.

Festas libres e liberadas

Antes de 2015, as festas da Coruña incluían unha matanza de touros e o Noroeste era un festival de dous días na praia. Hoxe temos unhas festas libres de maltrato animal, en todos os eidos, e un festival metropolitano con máis de 60 actuacións de referencia en todo o Estado. Hai outro xeito de facer, que tamén se amosa no esforzo por ter unhas festas libres de violencias machistas, con puntos de lactancia e lugares reservados para persoas con diversidade funcional.

“En defensa do noso patrimonio cultural, histórico e natural, por unha cidade viva e consciente”

Respecto ao patrimonio

Tras décadas de abandono, o Castro de Elviña, unha das principais xoias históricas e arqueolóxicas da Coruña, foi recuperado e dignificado como merece, coa posibilidade de se visitar de balde desde o mes de maio. Do mesmo xeito, púxose en valor a Porta de San Miguel na Cidade Vella, as ruínas do convento de San Francisco, o acueduto do Paseo das Pontes... O noso patrimonio merece toda a atención.

Memoria Histórica

A Lei da Memoria Histórica aprobouse en decembro de 2007, pero na Coruña non se cumpríu ata que chegou un goberno municipalista. Xa eliminamos das rúas e prazas da cidade todos os nomes de asasinados e golpistas, como Millán Astray; e puxemos en marcha o Consello da Memoria Democrática, que está a estudar como recuperar a Casa Cornide de mans da familia Franco. O seguinte paso ha ser abrir a Oficina de Atención ás Vítimas do Franquismo.

2 de agosto de 2016

Reinvéntase o Festival Noroeste, con máis de 60 bandas en nove escenarios. É un novo xeito de entender a cultura, que medará nos próximos nos.



30 de novembro de 2016

Unha muller de 65 anos, sen ingresos, é a primeira beneficiaria da Renda Social Municipal. Hoxe, esta ferramenta axuda a evitar a exclusión de máis de 300 persoas.



17 de outubro de 2016

A Coruña asina cos concellos veciños a Declaración de María Pita para impulsar a creación da Área Metropolitana, tras 30 anos de illamento.



12 de decembro de 2016

Reabre as súas portas na Cidade Vella o Espazo das Diversidades Sexuais e Identidade de Xénero, que presta asesoramento de balde.



Os barrios no centro

Investimentos en toda a cidade, melloras de cercanía

A cidade viviu demasiado tempo de costas aos seus barrios, que quedaban fóra dos plans de investimento do Concello. Un novo modelo de cidade implica tamén a atención ás necesidades de toda a veciñanza, viva onde viva.

Obras de baixo custo e alto impacto

Das obras faraónicas pasamos a actuacións espalladas por toda a cidade, coidando do espazo que é de todas. Coidando das rúas e das prazas, pero tamén das bibliotecas, as escolas e os centros cívicos. Facemos máis con menos e desenvolvemos máis de 200 actuacións que responden ás demandas históricas dos nosos barrios.

Mellora dos equipamentos públicos

Nos orzamentos de 2018, o goberno local aposta pola ampliación e a mellora da rede de equipamentos públicos municipais, dedicándolle 20,5 millóns de euros, un 28,5% máis que o ano anterior. Medraron nun 42,9% con respecto a 2017 os recursos destinados a instalacións deportivas, nun 6,7% as achegas para os centros de ensino, nun 13,4 % para as bibliotecas e nun 277% para centros cívicos e outras infraestruturas sociais.

Unha Coruña máis verde

Este goberno levou a termo o mantemento de parques e xardíns a zonas que ata o de agora estaban desprotexidas, como Bens, a contorna da Torre, o Castro de Elviña ou Os Rosales¹. Rexeneramos a lagoa de Eirís, que era unha fochanca, e adaptamos a sega aos ciclos de crianza das especies, aumentando a biodiversidade en toda a Coruña. Tamén plantamos 1.400 árbores, que reverdecen as rúas e axudan a frear o cambio climático.

“Unha cidade próxima ás persoas e aos barrios, con redes que sirvan para unir e crear comunidade”

A Pé de Barrio

Este programa de limpeza e coidado intensivo do espazo público comezou en xuño de 2017 e no seu primeiro ano pasou por todos os distritos da Coruña. Suma máis de dez mil actuacións para mellorar a calidade do espazo que compartimos: baldeo de rúas, limpeza de pintadas, arranxos de mobiliario urbano...

A mellora na mobilidade

Unha cidade para as persoas

A calidade dunha cidade pódese medir en base a diferentes indicadores: a mellora da mobilidade é un dos máis importantes para valorar o compromiso coa calidade de vida das persoas e co medio ambiente. Os pasos dados estes anos trazan o camiño cara un novo modelo de mobilidade máis sustentable, que favoreza o uso racional do automóbil, potencie alternativas como a bicicleta e contribúa para o uso do transporte colectivo.

As bicis toman a cidade

Para que a bicicleta poida ser un medio de transporte e non unicamente unha actividade lúdica, mellorouse e ampliouse o trazado dos carrís bici da cidade para crear así unha auténtica rede de comunicación. En barrios como Elviña xa é unha realidade e está en construción o carril bici metropolitano, que unirá A Coruña co resto da bisbarra. Está tamén en proceso a ampliación do servizo de Bici Coruña, que incrementará o número de estacións para lle dar cobertura a todos os barrios, introducindo este ano bicis eléctricas.

A necesaria renovación do servizo de bus

O contrato coa Compañía de Tranvías asinou en 1986, sen se daren variacións desde aquela. Era necesario fiscalizar o seu desenvolvemento, como fixemos desde que entramos en María Pita, o cal permitirá unha redución das tarifas e unha mellora do servizo que beneficiarán á cidade de toda. Neste 2018 darase a coñecer o novo mapa de liñas, que servirá para adaptar o bus urbano ás necesidades actuais e futuras dunha cidade que non cesou de medrar.

Unha cidade para camiñar

2018 será o ano da peonalización a Cidade Vella logo de décadas de promesas incumpridas: aténdese así a unha obriga coa poboación do barrio e tamén un compromiso co noso patrimonio histórico e arquitectónico. Ademais, este goberno foi quen de iniciar a regularización das terrazas para recuperar o espazo público nas rúas máis concorridas.

Maio de 2017

Comeza a funcionar o Centro Abeiro, con 15 prazas para acoller a persoas que dormen na rúa.



7 de maio de 2017

Máis de 4.000 persoas reclaman na rúa que os peiraos interiores queden en mans públicas.



4 de febreiro de 2017

O PP e o PSOE suman os seus votos para que o goberno da Marea Atlántica perda unha cuestión de confianza vinculada aos Orzamentos. Malia o bloqueio, non son quen de propoñer alternativa.



5 de maio de 2017

Tras anos de parálise, derrúbase a antiga nave de La Toja no precario asentamento da Pasaxe. Catro familias foron realoxadas daquela a través do Plan de Hábitat Digno. Hoxe son xa 14.



“Nunca máis unha Coruña sen nós, sen as xentes diversas ás que nos roubaran a voz e a palabra”

Un Concello aberto

Do pazo á praza e a praza no pazo

Era necesario. O Concello non podía seguir sendo unha institución pechada á cidadanía da Coruña, un pazo alonxado das opinións da veciñanza e das súas necesidades. A Marea Atlántica abriu as súas portas e fiestras, e puxo ao dispor da cidadanía todas as canles para garantir a implicación cidadá nos asuntos públicos, con participación e con transparencia.

A veciñanza toma a voz

Nos últimos anos puxéronse en marcha dúas ferramentas esenciais para achegar a institución ás coruñesas e aos coruñeses: o Dillo Ti e o Escano Cidadán. Co Dillo Ti comezou, desde xaneiro de 2016, un programa de encontros mensuais coa veciñanza dos diferentes barrios, posibilitando así un novo dereito para a cidadanía: un espazo de conversa, onde render contas, pero tamén onde dialogar e trasladar propostas, suxestións e melloras. O Escano Cidadán pola súa banda permítelle a calquera veciño ou veciña falar dun xeito aberto nos plenos municipais e trasladar a súa voz onde antes non era escoitada.

Orzamentos participativos

2018 é o terceiro ano de aplicación dos Orzamentos Participativos, un programa inédito na cidade que lle permite á veciñanza decidir de xeito directo o destino dunha parte dos orzamentos municipais do vindeiro ano. Neste tempo, a participación cidadá non parou de medrar con propostas que comezan a se facer realidade. A veciñanza quería participar e agora ten a ferramenta para o facer.

Son cada ano 3 millóns de euros os que se dedican a financiar propostas de investimento repartidas de forma equitativa en todos os distritos para mellorar entre todas o conxunto da cidade.

Co-Lab: un laboratorio cidadán

Sabemos que as institucións públicas débense abrir á participación da cidadanía: cómpre que nós, os veciños e veciñas, alén de sermos receptoras das decisións que se toman no Goberno a diferentes niveis, participemos no seu deseño, desenvolvemento e execución. Os laboratorios de innovación democrática xogan un papel fundamental na necesaria transformación do modo no que entendemos as institucións, constituíndose en espazos en que se deseñan propostas que, co tempo, poden condicionar ou mesmo constituírse nunha política pública concreta.

Con esa visión naceu en 2016 o Co-Lab, que en 2017 xa foi o marco en que se executaron sete proxectos de innovación cidadá que deron lugar a melloras concretas para a cidade.

Gobernar obedecendo

As políticas participativas atravesan todo o labor de goberno da Marea Atlántica, con procesos que permiten que a voz da cidadanía sexa escoitada: desde o deseño da que será a gran Coruña metropolitana ata a renovación do patio do colexio Sanjurjo de Carricarte; desde a localización das hortas urbanas ao mapa do Camiño do Vixía en Monte Alto; e desde os espazos culturais que precisa o Novo Mesoiro ata o Pacto por unha Cidade Libre de Violencias Machistas. Todas as voces, todas as mans son necesarias para mudar a cidade.

A construír igualdade, a coidar a diversidade

Mesmos dereitos, infinitos xeitos de ser e sentir

O noso compromiso coa igualdade e a diversidade demostrase con feitos, como o de ter, por primeira vez, unha concellaría específica e transversal; unha área que traballa para garantir a igualdade de dereitos e o respecto á diversidade en todas as súas formas.

Espazos para visibilizar e debater

A diversidade ten que deixar de ser un tabú na nosa cidade. As persoas somos diferentes en sentires e amares, mais debiamos ser iguais en dereitos, atención e coidados. Necesitamos espazos para debater e visibilizar toda esa diversidade, e por iso puxemos en marcha o Espazo Diverso no Centro Cívico da Cidade Vella, unha Escola de Empoderamento Feminista e un Centro de Interese Bibliográfico en Xénero e Feminismos. Contamos agora tamén cun equipo de Xestión Policial da Diversidade e actuamos con decisión no ámbito educativo, co desenvolvemento de obradoiros sobre información afectivo-sexual.

A Igualdade, un eixo transversal no Concello

Desde que governa a Marea Atlántica, os contratos municipais inclúen cláusulas que prohiben a discriminación laboral das mulleres e que fomentan o emprego feminino en condicións de igualdade. Así mesmo está en marcha unha ordenanza de igualdade dirixida a erradicar da administración calquera forma de discriminación, a garantir unha representación equilibrada en todos os órganos municipais e a introducir a perspectiva de xénero á hora de abordar a elaboración dos orzamentos municipais.

Decembro de 2017

O patio do colexio Fernández Latorre comeza a abrir polas tardes para uso de todo o barrio. O programa estenderase axiña a outros centros educativos.



8 de maio de 2018

Grazas á eliminación de máis de 20 puntos de verteduras contaminantes, as augas da praia de Oza volven estar limpas, que recupera a Bandeira Azul.



25 de abril de 2018

En dous anos plantáronse 1.400 novas árbores na Coruña, coa vontade de a facer unha cidade máis verde e loitar contra o cambio climático.



25 de xuño de 2018

As rúas da Cidade Vella quedan libres de coches. Chega a peonalización ao barrio logo de décadas de espera.



Xulio Ferreiro:

“Non deixei de levar os nenos á escola todas as mañás nin de sentar onde sempre en Riazor”

Alejandro Martín
Redacción

Tres anos separan o profesor de Dereito e xuíz suplente en Lugo do alcalde da Coruña. Hai algunhas diferenzas: Xulio Ferreiro, o alcalde, ten máis canas no pelo, o corpo máis canso e unha cantas feridas máis que o Xulio Ferreiro da universidade. Pero os dous comparten o ollar vivo, o riso explosivo e a empatía evidente en canto se cruzan un par de palabras. Iso e o desexo de facer da política unha ferramenta ao servizo do ben común.

Cantas veces se arrepeniu?

Nunca, a verdade. Algunhas veces estou a piques, pero non chega a pasar (ri). Vivía máis tranquilo antes e tiña máis tempo para estar coa familia, pero ser alcalde da túa cidade é unha honra. Ademais, nos momentos difíciles hai que lembrar, como me dixo unha vez Ada Colau, que en 2015 fixemos o que había que facer. E diso non pode un arrepentirse.

Está satisfeito co traballo realizado nestes tres anos?

Razoablemente satisfeito, sempre o digo. Nestes días de balance e repaso un bota a vista atrás e decátase de todo o que camiñamos: Renda Social Municipal, Centro Abeiro para persoas sen teito, máis bolsas comedor, rebaixas nas tarifas das escolas infantís municipais, recuperación do Castro de Elviña, limpeza intensiva A Pé de Barrio, un goberno dando a cara no Dillo Ti, o impulso da Patrulla Verde, o cumprimento da memoria histórica, a peonización da Cidade Vella, plantación de árbores, erradicación das verteduras contaminantes á ría, o novo Festival Noroeste e un longo etcétera.

Cal é o cambio que máis nota?

Eu nótoos todos, ou case. Deformación de alcalde, supoño. Pero o que máis me agradece a xente pola rúa é a normalidade e a proximidade do equipo de goberno. Non nos agochamos detrás dos traxes nin vivimos pechados nunha torre de marfil. Somos xente normal. Entendemos os problemas da xente normal porque son os nosos. Nestes anos eu non deixei de levar aos meus fillos á escola todas as mañás, nin de sentar onde sentei toda a vida en Riazor. E logo, a honestidade. Por moito que o PP e quen está ao servizo do PP se empeñen, os rexistros policiais e as tramas de enchufes da operación Pokémon son cousa do pasado na Coruña. Non somos todos iguais.





“A parálise é un mito que se combate con datos: investimos cada ano o 80% do que temos, máis que o Partido Popular con maioría absoluta.”

“Pensaba que sería doado chegar a acordos cando se trata da cidade ou de mellorar a vida de moita xente, pero algunhas das peores prácticas que viñamos combater seguen aí.”

Cales son os grandes retos inmediatos da Coruña? Fundamentalmente, tres. Primeiro, gañar para a cidade os terreos portuarios que van quedar libres nos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, impedindo a súa venda con fins especulativos, como se pactou en 2004. Hoxe semella de sentido común, pero non era así ata que a Marea Atlántica puxo o debate sobre a mesa. O protocolo que asinaron en abril a Xunta e o Goberno de Rajoy amosa que segue habendo interese en manter a operación de costas á cidade, e non o imos consentir. E moito menos que lle rouben á cidadanía o seu dereito a decidir. Segundo, mudar o modelo de mobilidade, fortalecendo o transporte público, coa mellora das liñas e o abaratamento do billete, e apostando por formas de moverse máis saudables e menos contaminantes como a bicicleta, para a que estamos a construír nove quilómetros de carril bici, o que significa incrementar nun 50% o que temos soamente nun ano. O terceiro é impulsar a Área Metropolitana, porque a cidade do futuro, a que ten que liderar e ser motor económico e social de Galicia, non ten 250.000 habitantes senón o dobre, e xa non cabe no termo municipal.

Hai tempo que sinala estes mesmos tres retos. Será verdade iso da parálise que tanto repite a oposición?

Máis ben será que son retos que non se poden resolver nin nun ano nin nun mandato. Son os retos que moven unha cidade. Que definen un modelo de cidade e marcan un horizonte para varios anos de traballo. A Marea Atlántica chegou sen apenas experiencia para resolver problemas urxentísimos da xente e en menos de dous anos se fixo maior cun proxecto para unha década. En canto á parálise, é un mito que se combate doadamente con datos. Doule dous: todos os anos investimos o 80% do que temos, máis que o Partido Popular con maioría absoluta. E só neste primeiro trimestre de 2018 demos un 40% máis de licenzas urbanísticas que o goberno de Negreira no seu mellor exercicio. E iso mentres aumentamos o gasto social e reducimos á débeda aos niveis máis baixos da década.

A Marea Atlántica, coma quen di, acababa de nacer cando gañou as eleccións. Que é o que máis lle sorprendeu ao chegar?

Pensaba que sería doado conseguir acordos en cuestións concretas que benefician á cidade ou melloran a vida de moita xente. Pero non é así. Algunhas das peores prácti-

cas que viñamos erradicar seguen aí e ás veces os intereses dos partidos se poñen por diante do ben común. Só así se explican algunhas das situacións que padecemos, como que se bloquee o pago de facturas ou se atrasen deliberadamente investimentos importantes.

Cal foi o momento máis difícil?

Sen dúbida, cando tivemos que someternos a unha cuestión de confianza para sacar adiante os presupostos de 2017. Na súa estratexia de bloqueo, a oposición rexeitou unhas contas que multiplicaban o gasto social, facían un investimento histórico nos colexios públicos e na rehabilitación de edificios sen ofrecer ningunha alternativa. Tivemos que poñer en xogo o goberno para saír da trampa e poñer en evidencia que, máis alá dos paus nas rodas, non había alternativa. Foi duro, pero tamén fermoso. Recibimos moito apoio na rúa.

Vostede xa anunciou que repetirá como candidato, pero só coa Marea Atlántica e só coas mesmas regras de xogo que en 2015. Por que?

Porque eu dei un paso adiante porque cría nun proxecto, o da Marea Atlántica, e sigo aquí pola Marea Atlántica. Porque é un espazo que foi capaz de ilusionar e mobilizar a xente de moitos partidos, como Anova, Esquerda Unida, Equo ou Podemos, pero tamén a moita outra xente sen partido. E porque está cheo de xente boa e moi capaz, que cre no traballo honesto, no debate e no compañeirismo. Non me vexo nun cartel con outras siglas.

Ollando cara ao futuro, cal cre que será o legado máis importante que a Marea Atlántica lle deixará á cidade da Coruña?

Por agora, xa temos unha cidade libre de maltrato animal, que respecta a memoria histórica e que non deixa atrás a quen máis o necesita. Unha cidade igualitaria, na que todos e todas contamos e que cada día é máis consciente do seu dereito a participar nas decisións que lle atinxen. Non é o momento de pensar no legado. É o momento de traballar, de seguir cumprindo e de renovar a confianza da xente dentro dun ano. O proxecto de cidade que estamos a construír, o que chamamos Coruña Próxima, necesita máis de catro anos.

Unha cidade en pé

Guillermina Cuervo
Redacción

A Coruña foi, é e será unha cidade viva e esperta, cunha veciñanza activa que non dubida en se levantar para defender os seus dereitos e os seus bens públicos. Deste substrato naceu a Marea Atlántica, que segue a participar dun xeito decidido neste novo ciclo de mobilizacións que está a vivir a cidade. **Porque nada muda se non nos movemos.**

O Porto é noso

A defensa do noso borde litoral

A Coruña ten dereito a decidir o futuro sobre os terreos do Porto, como puxo sobre a mesa o goberno da Marea e como veñen reclamando os distintos movementos sociais e así o berramos xuntas na gran manifestación do 7 de maio de 2017. Hai decisións que non se poden tomar nos despachos de Compostela, Madrid ou nun consello de administración onde a cidade apenas ten representación.

Non hai tanto que o Porto era de libre acceso. Un día, pechárono cun valado. Outro, o Palexco e o centro comercial medraron para agochar de novo o mar. Agora, corremos o risco de repetir o erro, pero multiplicado por mil. Porén, aínda estamos a tempo de o impedir. O Porto forma parte da memoria colectiva da cidade e representa tamén enormes posibilidades para un futuro sustentable nunha cidade como a nosa, sempre aberta ao mar. Gañémolo para a cidade!

A revolución está a ser feminista

As mulleres, protagonistas da Historia

O pasado 8 de marzo todo mudou. As mulleres convocámonos para denunciar un modelo social que perpetúa un control masculino insoportable, para crebar os privilexios dunha sociedade patriarcal e capitalista, racista e heteronormativa. Sabíámolo, se parabamos nós, paraba o mundo enteiro, e así foi: as mobilizacións do 8M desbordaron, e nunca nada será igual.

Xubilación e dereitos

A xente maior toma a rúa

Esta estafa que algúns chaman crise bateu máis duramente contra determinados colectivos. As persoas maiores (o 25% da nosa veciñanza) é un deles. Esta poboación foise empobrecendo nos últimos anos polo recorte sistemático das súas pensións... recortes que o PP tentou perpetuar para se atopar de fronte cunha masiva mobilización o 17 de marzo, para se atopar coa dignidade dos nosos vellos e vellas.

“A Coruña ten unha longa historia de loitas e mobilizacións pola liberdade, palpable tamén no presente.”





“A Marea Atlántica naceu deste substrato de loitas e rebeldías. Queríannos en soidade, téñennos en común.”

Polos dereitos civís

Fronte aos ataques contra as liberdades, diálogo e política

Democracia non é votar cada catro anos, é moito máis, é respectar o dereito da xente a falar, cantar, expresar con liberdade a crítica e decidir sobre os asuntos que lles afectan, individual e colectivamente. Responder ao exercicio destes dereitos con cárcere e represión lévanos a anos moito máis escuros da nosa historia. Pensaron que calariamos, queríannos en soidade... pero, coma sempre, tivéronnos en común.

Estudiantado en folga

A nosa educación non colle na vosa LOMCE

Dicían que á rapazada non hai nada que nos mobilice, que só buscamos saídas individuais para as nosas problemáticas, erraban. O 19 de abril convocamos unha folga e mobilizacións en toda Galicia para denunciar esa lei excluínte e homoxeneizadora que é a LOMCE: unha lei que non ten en conta a nosa lingua nin a nosa cultura e que non garante o acceso universal ao ensino.

O noso medio ambiente non está en venda

Nin lumes, nin caza, nin Santa Icíá

O 2017 foi un ano negro para o noso medio ambiente: a vaga de lumes asolou miles de hectáreas, tinxindo de negro os nosos montes. Na Coruña sabemos que cando arde o monte, ardemos nós tamén. Por iso nos mobilizamos na súa defensa: contra ás institucións que non toman en serio este problema, contra as que apoian a caza como se fose un deporte, contra as que querían chantarnos unha planta de residuos en Santa Icíá.

Avances vs. bloqueos

Raúl Xordo
Redacción

Coruña próxima: Unha cidade, todas as mans

As políticas do goberno da Coruña non funcionan illadas. Son parte dun modelo de cidade que aspira a mellorar a vida da xente común, promovendo tamén a súa participación activa. Un reto que se afronta a pesar dos bloqueos e atrancos.



- **O noso futuro ten forma de cidade.** As cidades son hoxe os lugares máis importantes do mundo. Non é unha afirmación gratuíta. As cidades producen o 70% dos residuos e das emisións de gases de efecto invernadoiro e o 60% do consumo enerxético, pero tamén o 70% do PIB mundial e son os lugares onde vivirán catro de cada cinco persoas en 2050. Son os lugares máis eficientes no uso dos recursos e son responsables de atender, desde a proximidade, as necesidades básicas de millóns de persoas. As cidades poñen a proba cada día a nosa capacidade para convivir con quen é diferente a nós, pero son tamén exemplo de solidariedade, integración e dignidade fronte á intolerancia e o terror. **Nin Trump nin Rajoy gañaron nas cidades. Son, en definitiva, a primeira liña de defensa da liberdade e os dereitos.**
- Desde esta perspectiva, o goberno da Coruña leva tres anos dándolle forma a **unha cidade de proximidade, que coida das persoas con medidas como a Renda Social Municipal (RSM)** e impedindo que lle corten a auga e a luz a quen carece de recursos para asumir os gastos.
- Unha cidade onde as listaxes de espera de seis meses en servizos sociais deron paso a unha unidade de atención inmediata. **Unha cidade para vivir, sen verteduras contaminantes, sen herbicidas tóxicos e sen pellets urbanos.** Unha cidade onde os impostos se reparten de forma máis xusta e onde os contratos públicos teñen en conta a igualdade e a calidade do emprego. Unha cidade participativa, onde a veciñanza decide, e transparente, onde o goberno dá a cara e responde. **Onde se loita contra as violencias machistas e se respecta a diversidade. Onde a xente ten voz propia.**
- **Apostamos por un urbanismo humano e rigoroso,** onde xa non ten cabida o de “ti vai facendo”. O Concello da Coruña pagou desde maio de 2015 máis de 7 millóns de euros en sentenzas urbanísticas, herdadas de gobernos anteriores.
- **Apostamos por enterrar a soberbia localista e dialogar cos concellos veciños para construír a Área Metropolitana.** Xa estamos a traballar nunha mesa da mobilidade para tecer unha rede común de transporte público. Pero queda moito por facer. Coordinar as políticas públicas, as actividades culturais, a recollida de residuos, as estratexias económicas e de emprego... **A Coruña xa non cabe nun só concello.** A nosa vida é metropolitana e os gobernos tamén deben de o ser.
- **Reivindicamos un litoral de todos e de todas, unha fachada atlántica cargada de futuro,** uns peiraos fonte de emprego e riqueza, que non poderán ser nunca furtados á cidadanía nin vendidos para especular.
- **Procuramos unha Coruña na que se abren portas que estiveron pechadas durante moito tempo,** como o cárcere provincial, lugar marcado polo silencio e a represión, pero que agora dará voz a toda a cidadanía e a todos os colectivos con inqueданzas culturais.
- **Deseñamos unhas políticas fiscais máis xustas, nas que paga menos quen menos ten,** e entendemos a contratación pública como un xeito de ofrecer alternativas ao liberalismo desapiadado. **As ofertas das empresas xa non se valoran só polo baratas que sexan, senón esixindo a creación de emprego de calidade, respecto ambiental, fomento da igualdade...**
- **Apostamos,** en resumo, e levando ao límite as competencias do goberno municipal, **por facer unha Coruña mellor para vivir.** Unha cidade que estea na primeira liña da defensa das persoas.

“A Coruña avanza, e estámola a converter, co esforzo de todos e todas, nun lugar mellor para vivir. Nunha cidade para as persoas”



O PP bloquea: o partido do NON

É un feito: desde o 2015 A Coruña recibiu do Estado menos investimento. O Goberno de Rajoy reduciuno en máis dun 60% .

Os datos non menten: a nosa cidade recibe tres veces menos fondos ca Ourense, tendo o triple de poboación. Pero claro, aquí non goberna o PP. Porén, conseguimos sacar adiante numerosas iniciativas. Mesmo co seu bloqueo directo, ata o paroxismo.

“Fronte a nós, o bloqueo e o NON permanente dos que non dubidan en atacar a cidade para sacar réditos políticos ou económicos”

- ✘ **Intermodal? NON.** Prometeron impulsala en 2016, pero foi outra promesa ao caixón das incumpridas. Non queren fomentar a mobilidade sustentable e buscan toda clase de escusas, como queixarse en abril de 2018 dunhas modificacións que o Concello solicitou en abril de 2017. Tardaron un ano en miralas, despois, aceptáronas.
- ✘ **Humanización da Avenida da Vedra? NON.** Como no caso anterior, houbo un acordo para desbotar o proxecto que deseñara o PP, que era unha autoestrada polo medio da cidade para a converter nunha avenida que unia os barrios. O proxecto saíu en agosto de 2017, e nunca máis se soubo.
- ✘ **Defenden a beira litoral da especulación? NON.** Pasaron de votar descaradamente a favor de vender os terreos da Solaina a disimular con protocolos secretos. Na realidade, bloquean as propostas do Concello e defenden o modelo asinado en 2004: torres, hoteis e centros comerciais.
- ✘ **Área Metropolitana? NON.** A Xunta e as alcaldías do PP boicotean as xuntanzas da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa, na que participan todos os demais partidos, e paralizan todas as iniciativas. Apoiaron a Área

Metropolitana de Vigo, pero na Coruña a súa única resposta é o bloqueo.

- ✘ **Saneamento da Ría do Burgo? NON.** O Estado leva anos e anos a orzamentar un millón de euros para iniciar o saneamento, e ano tras ano déixano sen gastar.
- ✘ **Coidado do Medio Ambiente? NON.** As iniciativas para protexer a natureza son cero. A declaración da contorna da Torre como espazo protexido leva anos no caixón. A cambio, autorizan plantas de residuos industriais xunto á praia de Oza e no lugar de Santa Icíá, a menos dun km de Feáns e o Novo Mesoiro.
- ✘ **Fixeron o colexio no Novo Mesoiro? NON,** e iso que o Concello cedelles a parcela para o construír en 2016. Tampouco asumen as obras que son responsabilidade súa, fainas o Concello, con investimentos de ata un millón de euros ao ano.



Vivir en mundos paralelos

Alejandro Martín
Redacción

Desde que a Marea Atlántica chegou a María Pita, o PP activou toda a súa maquinaria partidaria e mediática para atacar -con mentiras e medias verdades- as políticas do Concello da Coruña. En troques de facer oposición en base a propostas, construíron unha delirante realidade paralela na que calquera parecido coa realidade é pura coincidencia.

Velaquí algunhas das mentiras máis abraiantes (e repetidas).

Teñen o goberno paralizado e non fan obras

En tres anos, fixéronse máis de 300 obras nos barrios, atendendo a demandas históricas. Custaron menos, todas xuntas, que o túnel da Mariña, e melloraron infinitamente máis o espazo público. O Concello tramita unha media de 74 licenzas de obra ao mes, un 54% máis que hai catro anos.

Non saben xestionar

Incrementando o gasto social 3 anos seguidos, temos a débeda viva máis baixa da década e executamos case o 80% dun orzamento malia non entrar en vigor ata maio a causa dos bloqueos da oposición. Son eles os que non saben xestionar.



A Renda Social Municipal propaganda e non axuda a ningún

Nunca unha política social fora atacada con tanta carraxe coma esta, será que algo fai. Na actualidade, axuda a máis de 300 persoas a non caer na exclusión e a recuperar a súa autonomía. Estas persoas teñen na RSM a última oportunidade, non poden acceder a outras subvencións. Ninguén que a solicitara e cumprira as condicións quedou sen ela.


Todo está sucio e cheo de ratas. E cada día hai máis delitos

Abonda con dar unha volta pola Coruña para se decatarse de que isto non é certo. Unha mentira que o PP repite en todas as cidades nas que non goberna, calcando o argumentario que lles redactan en Madrid: Cádiz, San Fernando, Rota, Huelva, Sevilla, Valencia, Valladolid, Oviedo, Alacante, Castellón, Vigo... Todas elas sufriron imaxinarias pragas de ratas. Curioso, non si?

Só gobernan para os 'afíns'

É unha mágoa que o maior argumento do PP e os seus altofalantes se esforce en asegurar que somos tan ruíns coma eles. Pero, coma todos os seus argumentos, non é verdade. Levan meses sementando a dúbida sobre uns 60 contratos dos 5.000 asinados ao ano polo Concello, repartidos entre máis de 1.600 empresas. Descoñecemos cantos destes foron asinados por afíns ao PP, porque a súa listaxe de simpatizantes non é pública.






- Quen está enfadado coa Marea?

**MAREA
ATLÁNTICA**

Na Marea Atlántica non temos nin grupos mediáticos nin bancos no peto. Entramos sen hipotecas con ninguén e así é como habemos saír. Por iso, seguro que hai accións que se levaron a cabo durante estes anos que aínda non coñeces, pero que afectan de xeito moi positivo á túa vida diaria.



Sabías que...



... rebaixamos até o 90% as tarifas das escolas infantís municipais, con acceso de balde para as familias con menos recursos?

... duplicamos a contía destinada a bolsas comedor, ata os 1,5 millóns de euros, para cubrir as necesidades de 1.529 menores?

... desde 2015 a ninguén se lle corta auga por falta de pagamento?

... realizamos máis de 300 obras en todos os barrios por menos do que custou o túnel da Mariña (11 millóns vs 14 millóns)?

... eliminamos practicamente todas as verteduras contaminantes á ría do Burgo?

... baixámonos o soldo á metade desde os tempos do PP?

Soldo alcalde: 65.000€ (Negreira) - 40.000€ (Xulio Ferreiro)

Soldos goberno: 615.000€ (PP) - 320.000€ (Marea)

Soldos oposición 133.000 € (PP) - 341.000 € (Marea)

... aumentamos o investimento social tres anos seguidos mentres reducimos a débeda ata o nivel máis baixo da década, con 63 millóns (10 menos que en 2016)?

... introducimos cláusulas para que os contratos municipais creen emprego de calidade?

... a cidade conta hoxe con 1.500 árbores máis grazas ao Plan Municipal de Expansión do Arborado?

Queres sumarte á Marea Atlántica?

Podes atoparnos en
web: www.mareatlantica.org
mail: ola@mareatlantica.org
Whatsapp: 682 777 501
Twitter: @mareatlantica
Facebook: @mareAtlantica
Instagram: @mareatlantica